



BOP

SÁBADO, 30 DE DICIEMBRE DE 2017 N.º 298

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACION PUBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

LOURENZA.- Rehabilitación de firme LU-P-2801 De Santo Tomé, por San Adriano e Augaxosa, a Arroxo, p.k. 0+400 -0+960, LU-P-2803 De Santo Tomé a Lindín, p.k. m0+000-0+750 e LU-P- 2805 "De Santo Tomé a Santa María Maior", p.k. 0+000-0+950 (EX028OB PERF.17/19-AB).

BECERREA.- Rehabilitación de firme LU-P- 0705 "Da LU-722, por Vilamane e Seivane, a Tucende", p.k. 9+050-16+025 (EX007OB-PERF.17/19-AB).

MEIRA-RIBEIRA DE PIQUIN.- Rehabilitación de firme LU-P-3003 De Meira, por Leiras, á CN-640, P.K. 0+000-0+705 e LU-P 3005 "De Couso a Vilar de Carota", p.k. 0+000-2+295 (EX030OB-PERF.17/19-AB).

RIBEIRA DE PIQUIN.- Rehabilitación de firme LU-P- 4806 "De la CN-640, en Vilaxe, por Galegos e Vilar de Corota, a Ribeira de Piquín", p.k. 20+340-23+340 (EX054OBPERF.17/19-AB).

CASTROVERDE.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 "Cinturón comarcal" P.K. 118+765-120+845 e 121+445-124+300 (EX012OB-PERF.17/19-AB).

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Palacio Provincial de Lugo a 22 decembro de 2017. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. P.D. Decreto nº 0402/2017 de data 24-02-2017 O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 3798

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2017

Por Resolución da Presidencia de data 28 de decembro de 2017, aprobouse a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo correspondente ao ano 2017 e os criterios que rexerán nela co seguinte contido:

"Os artigos 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (L.R.B.R.L.), 233 da Lei de Administración Local de Galicia e 128.1 do Real Decreto Lexislativo 781/86, establecen que as Entidades Locais aprobarán e publicarán, dentro do prazo dun mes desde a aprobación do Orzamento, a Oferta de Emprego Público (OEP) de conformidade cos criterios fixados pola normativa básica estatal.

O artigo 34.1. g) da Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL, sinala que lle corresponde ao Presidente da Deputación aprobar a Oferta de Emprego Público de acordo co Orzamento e o Cadro de Persoal aprobados polo Pleno.

O Orzamento desta Deputación Provincial foi aprobado inicialmente polo Pleno en sesión celebrada o 14 de marzo do 2017, quedando aprobado definitivamente, despois da súa publicación regulamentaria (BOP nº 083, de 10 de abril do 2017), e a través daquel, os Cadros de Persoal funcionario e laboral desta Entidade, no que constan, entre outros contidos, as prazas vacantes dotadas orzamentariamente que se inclúen na Oferta de Emprego para 2017.

NORMATIVA ESPECÍFICA REGULADORA DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO:

O artigo 70 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), establece:

“Oferta de Emprego Público.

1. As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ate un 10 % adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria destes. En todo caso, a execución da Oferta de Emprego Público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos.

2. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente.

3. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”

O artigo 19.Un da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 (LOXE 2017), baixo o epígrafe Oferta de Emprego Público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal, establece, no que entendemos aplicable a Administración Local:

“A incorporación de novo persoal ao sector público delimitado no artigo anterior. (o apartado c) do artigo 18 inclúe “as Corporacións Locais e Organismos delas dependentes”) (...) estará suxeita aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes:

(...)

2.- Respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do Capítulo I dos correspondentes Orzamentos de gastos, nos seguintes sectores e administracións da taxa de reposición fixarase ata un máximo do 100 por cento.

(...)

C) (...) no ámbito da Administración Local, persoal da Policía Local, en relación coa cobertura das correspondentes prazas de dita Policía.

(...)

F) Administracións Públicas respecto do asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos.

(...)

H) Administracións Públicas respecto da cobertura das prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.

(...)

O) Prazas de persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais.

(...)

Q) Prazas de seguridade e emerxencias.

R) Prazas de persoal que realiza unha prestación directa aos usuarios do servizo de transporte público.

S) Persoal de atención aos cidadáns nos servizos públicos.

3. Nos sectores e Administracións non recollidos no apartado anterior, a taxa de reposición fixarase ata un máximo do 50 por cento.

4. (...)

Non se computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial.

(...)

6. ... o persoal que preste servizos en materia de xestión tributaria e recadación. (...). Ademais da taxa resultante do apartado Un.2 e 3, poderán dispoñer dunha taxa adicional para estabilización de emprego temporal que incluírá ata o 90 por cento das prazas que, estando dotadas orzamentariamente, estiveran ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2016.

(...)

A taxa de cobertura temporal en cada ámbito deberá situarse ao final do período por debaixo do 8 por cento.

A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, podendo articularse medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes Administracións no desenvolvemento dos mesmos.

Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se encontren desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

(...)

Ademais do previsto nos parágrafos anteriores, as administracións públicas, poderán dispoñer nos exercicios 2017 a 2019 dunha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal de aquelas prazas que, nos termos previstos na disposición transitoria cuarta do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público estean dotadas orzamentariamente e, desde unha data anterior ao 1 de xaneiro de 2005, viñeran estando ocupadas ininterrompidamente de forma temporal. A estas convocatorias seralles de aplicación o previsto no apartado terceiro da citada disposición transitoria.

(...)

Cinco. A validez da taxa autorizada no apartado un, números 2 e 3 deste artigo, estará condicionada a que as prazas resultantes se inclúan nunha Oferta de Emprego Público que, de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 70 do EBEP, deberá ser aprobada polos respectivos órganos de goberno das Administracións Públicas e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, da Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, antes da finalización de cada ano.

A validez da dita autorización estará igualmente condicionada a que a convocatoria das prazas sexa efectuada mediante a publicación da mesma no Diario Oficial da Provincia, Comunidade autónoma ou, no seu caso, do Estado, no prazo improrrogable de tres anos, a contar dende a data de publicación da Oferta de Emprego Público que se inclúan as citadas prazas, cos requisitos establecidos no parágrafo anterior, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 70 do EBEP.

Seis. A taxa de reposición de efectivos correspondente a un ou varios dos sectores definidos no artigo 19.un.2 poderá acumularse en outro ou outros dos sectores contemplados no citado precepto ou en aqueles Corpos, Escalas ou categorías profesionais de algún ou algúns dos mencionados sectores, cuxa cobertura se considere prioritaria ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Sete. Os apartados un, dous, cinco e seis deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao amparo dos artigos 149.1.13ª e 16.1 da Constitución”.

Así mesmo o artigo 37.1 Do EBEP, sinala:

“Materias obxecto de negociación.

1.- Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada administración Pública, e co alcance legal que proceda en cada caso:

(...)

Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público”.

O artigo 10.4 do EBEP sinala tamén:

“No suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo (existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira), as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fora posible, na seguinte agás que se decida a súa amortización.”

ACORDOS DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN (MXN):

Consecuencia de todo o sinalado; analizadas as necesidades de recursos humanos desta Deputación; resultando que nos Cadros de persoal funcionario e laboral desta Entidade, aprobados, con ocasión da aprobación dos Orzamentos da Deputación Provincial de Lugo, para o ano 2017, existen as prazas vacantes que seguidamente se relacionan e na Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente os postos de traballo que se corresponden coas citadas prazas; resultando tamén que as prazas e postos a que deixamos feito referencia están dotados orzamentariamente; resultando que dos antecedentes que constan no Servizo de Recursos Humanos a Taxa de Reposición de Efectivos para o ano 2017, calculada conforme ao establecido no artigo 19.Un.4 da mencionada Lei de Orzamentos Xerais para 2017 ascende a 5 efectivos que non sobrepasan o límite máximo do 50% da diferenza entre o número de empregados fixos que durante o exercicio orzamentario anterior (ano 2016) deixaron de prestar servizos (11) e o número de empregados que se tiveran incorporado no mesmo tendo en conta as altas e baixas producidas por concurso de traslados; resultando que, en cumprimento do establecido nos artigos 36.3 e 37.1 I) do EBEP procedeuse a someter á Mesa Xeral de Negociación Común (persoal funcionario e persoal laboral) da Excm. Deputación Provincial de Lugo a aprobación dos criterios xerais desta Oferta de Emprego para o ano 2017, sendo aprobados por unanimidade das organizacións sindicais que compoñen o banco social do dito órgano de

participación (UGT, CCOO, CSI-F e CIG), logo das oportunas negociacións, en sesión celebrada o 17 de outubro do 2017, co seguinte contido:

1º.- Criterios que rexerán na OEP.

1. A OEP da Deputación conterà as prazas de persoal de novo ingreso (quenda libre) e para maior coñecemento xeral e transparencia as prazas de promoción interna. Consecuencia do sinalado anteriormente, os procesos selectivos realizaranse en dúas quendas:

- a. Quenda libre na que poderán participar todos os que reúnan os requisitos xerais para o acceso ao emprego público, e
- b. Quenda de promoción interna na que só poderán participar os que acrediten a súa condición de empregado público da Deputación Provincial.
- c. Na convocatoria de prazas de promoción interna poderán participar:
 - c.1. Os funcionarios da mesma escala e subescala encadrada no grupo ou subgrupo de titulación inferior (promoción interna vertical).
 - c.2. Os funcionarios de distinta escala e subescala encadrados no mesmo grupo de titulación (promoción interna horizontal).

2. A quenda de acceso libre non supera o 50 % da Taxa de Reposición de Efectivos (TRE), conforme ao previsto no artigo 19.Un.3 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, ao tratarse de prazas non recollidas nos sectores definidos no apartado 2 do citado artigo e inclúe un total de 5 prazas na Deputación Provincial. Dentro deste criterio, dáse prioridade ás prazas de perfil técnico que permitan atender aos servizos vinculados ás Novas Tecnoloxías, Medio Ambiente e Obras Públicas e ao Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos. Nese contexto incluíranse as prazas con un menor número de efectivos no vixente cadro de persoal, para atender mellor as demandas e necesidades dos servizos.

3. Regularización de persoal temporal (Disposición Transitoria 4ª do EBEP), ao amparo do artigo 19.Un.6, parágrafo sétimo da LOXE 2017, en situación de máis longa vinculación temporal (con vínculos de servizo con anterioridade ao 1 de xaneiro do 2005) para dar cumprimento ao Plan de Consolidación de Emprego Temporal da Deputación de Lugo que foi negociado e aprobado na Mesa Xeral de Negociación, celebradas os días 4, 10 e 16 de novembro do 2011, que contemplou a creación das prazas necesarias, na modificación do cadro de persoal para o ano 2012 e que seguen vacantes dotadas no Cadro de Persoal para o ano 2017. En aplicación deste criterio, inclúense 7 prazas.

4. Regularización de persoal indefinido non fixo, en aplicación do previsto no artigo 19.Un.4 da Lei 3/2017, de 27 de xuño; existindo unha traballadora indefinida non fixa, declarada por sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Lugo, confirmada por sentenza de 21 de abril de 2008 (autos 5831/2007) da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, increméntase 1 praza para a regularización da dita situación.

5. Taxa adicional do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación. O apartado Un.6 do artigo 19 da LOXE para 2017, permite unha taxa adicional de o 90% das prazas que estando dotadas orzamentariamente estiveran ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente cando menos nos 3 anos anteriores ao 31 de decembro de 2016. Ao cumprir esta condición dúas prazas, permite a inclusión dunha delas e increméntase 1 praza.

6. Ao abeiro do establecido no parágrafo cuarto do artigo 19.Un.6 que establece que *“a articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais”*, a Mesa Xeral de Negociación adoptou acordo unánime en sesión de 17 de outubro de 2017 no sentido de que con carácter xeral o sistema selectivo que rexerá nos procesos selectivos incluídos nesta Oferta de Emprego será o de concurso-oposición. Nese sentido adoptaranse as medidas necesarias para que as bases das correspondentes convocatorias se adecúen ás peculiaridades deste sistema selectivo, con respecto ao determinado nos principios contidos na norma antes citada, no Estatuto Básico do Empregado Público e na normativa que regula o acceso á función pública que resulte de aplicación.

7. Promoción interna. Conforme ao Cadro de Persoal para 2017, inclúense, na promoción interna, tres prazas vacantes dotadas:

- 1 Deseñador/a Infografista, (C/C1).
- 1 Auxiliar Técnico Informático, (C/C1).
- 1 Restaurador/a-Conservador/a (C/C1).

Estas prazas, reservadas a promoción interna, provistaranse polo sistema de concurso-oposición entre empregados públicos desta Entidade, funcionarios de carreira da subescala correspondente do grupo inmediatamente inferior ou persoal laboral fixo, encadrado do grupo inferior da mesma familia profesional.

8. Conforme ao determinado no artigo 59.1 do EBEP, tendo en conta que dentro da porcentaxe aprobada (5 efectivos) non resulta posible cumprir o mandato de incluír o 7% das prazas vacantes ofertadas pola quenda de

acceso libre para seren cubertas entre persoal con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, reservarse fracción que este ano resulta para engadila nas vindeiras ofertas.

9. No non expresado nos puntos anteriores, a Administración rexeráse polas normas en vigor e polos criterios que considere máis axeitados dentro das súas potestades de planificación, programación e autoorganización.

2º. Contido da OEP da Deputación Provincial, do Réxime Xurídico Administrativo:

I. PRAZAS DE ACCESO LIBRE:

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
ENXEÑEIRO INDUSTRIAL	848	ENXEÑEIRO INDUSTRIAL	1332
TÉCNICO DE XESTIÓN MEDIO AMBIENTAL	855	TÉCNICO DE XESTIÓN MEDIO AMBIENTAL	1339
PSICÓLOGO	867	PSICÓLOGO	1344
ENXEÑEIRO TÉCNICO TOPÓGRAFO	776	ENXEÑEIRO TÉCNICO TOPÓGRAFO	1141
ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS	854	ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS	1338

II. TAXA ADICIONAL DE REGULARIZACIÓN PERSOAL INDEFINIDO NON FIXO:

TÉCNICO DE XESTIÓN	880	TÉCNICO DE XESTIÓN	1424
--------------------	-----	--------------------	------

III. TAXA ADICIONAL DE REGULARIZACIÓN PRAZAS DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN:

TÉCNICO SUPERIOR INFORMÁTICA (FP)	790	TÉCNICO SUPERIOR INFORMÁTICA	1185
-----------------------------------	-----	------------------------------	------

IV. CONSOLIDACIÓN EMPREGO TEMPORAL:

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
TAX	828	Axente Emprego e Desenvolvemento Local	1255
TÉCNICO XESTIÓN	1165	Coordinadora Taller e Acc. Formativas	1171
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA	823	Axente Desenvolvemento Local	1250
AUXILIAR A.X.	824	Auxiliar	1251
AUXILIAR A.X.	825	Auxiliar	1252
AUXILIAR A.X.	826	Auxiliar	1253
AUXILIAR ATENCIÓN CIDADÁ	829	Auxiliar Atención Cidadá	1256

V. PRAZAS DE PROMOCIÓN INTERNA:

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
DESEÑADOR/A INFORGRAFISTA	887	DESEÑADOR/A INFORGRAFISTA	1431
AUXILIAR TÉCNICO INFORMÁTICO	769	AUXILIAR TÉCNICO INFORMÁTICO	1135
RESTAURADOR/A CONSERVADOR/A ARQUIVO	886	RESTAURADOR/A CONSERVADOR/A ARQUIVO	1430

Polo anteriormente exposto, tendo en conta a proposta do deputado delegado da Área de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, e en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Aprobar a Oferta de Emprego Público desta Deputación Provincial de Lugo para o ano 2017 co contido de prazas anteriormente enumeradas.”

O que se fai público en cumprimento do determinado no artigo 70.2 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, coa indicación de que a presente Resolución é definitiva, polo que contra ésta os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Presidente da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da provincia, ou recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende a citada publicación, e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdicción, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Pazo Provincial de Lugo, 28 de decembro de 2018O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017.- O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón

PUBLICACION DO DECRETO DA PRESIDENCIA DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO POLO QUE SE DECLARAN CADUCADAS AS LISTAXES DE ASPIRANTES QUE PARTICIPARON EN PROCESOS SELECTIVOS.

A Presidencia da Deputación de Lugo, o 28 de decembro de 2017, ditou a seguinte resolución:

“Resultando que a Administración Pública ten encomendadas múltiples e variadas funcións que levan a cabo empregados públicos de diferentes ámbitos profesionais. A relevancia e incidencia social das funcións encomendadas á Administración Pública fai necesario dar resposta á esixencia de que os seus empregados, que deben levar adiante, no ámbito de execución e operativas, as citadas funcións públicas sexan os máis axeitados posibles e, para o dito fin, deben ser seleccionados conforme a procedementos rexidos polos principios de mérito e capacidade.

Así mesmo, ao ser a Administración Pública a xestora dos intereses sociais xerais, os procedementos para o ingreso nela terán que respectar os principios de igualdade de todos os cidadáns no acceso aos postos convocados, a cuxo fin deberá darse a estes procesos a publicidade necesaria. En definitiva, os procesos de acceso ao emprego público deben garantir os principios que se proclaman nos artigos 23.2 e 103.3 da Constitución.

Dende o ano 2007, na Deputación Provincial de Lugo, coa finalidade de facer compatible o cumprimento dos ditos principios, que deben rexer o proceso de acceso ao emprego público, e a resposta áxil, máxime nestes momentos que se debe acreditar a prioridade e urxencia, ás necesidades de incorporar efectivos con carácter temporal para atender situación conxunturais, previa consulta e negociación cos representantes do persoal, aprobáronse e puxéronse en funcionamento uns criterios que permiten a formación de listas de substitucións con aspirantes que participaron en procesos selectivos para funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo que habendo superado as probas dos ditos procesos non resultaran seleccionados para o seu nomeamento como funcionarios de carreira ou contratados como persoal laboral fixo.

Co dito sistema deuse resposta ás necesidades da organización de mellorar a súa capacidade de resposta ás esixencias do servizo e de incrementar a eficiencia ao evitar a reiteración de procesos selectivos, innecesariamente, e así aforrar en procesos selectivos “ad hoc” para persoal interino ou contratado temporal; e tamén supuxo un beneficio para os aspirantes que aprobaron os distintos exercicios xa que non ven perdidos todos os esforzos de preparación do proceso selectivo e axuda a romper o círculo vicioso de que para traballar é necesario experiencia e de que si non se traballa non se pode adquirir.

Con todo a duración das citadas listas non pode ser longa pois podería entrar en conflito cos principios enunciados anteriormente, en particular o principio de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego público, si as ditadas listas de substitucións e acceso a emprego temporal e interino creasen unha bolsa de traballo que, sendo orixinariamente conxunturais, acabasen adquirindo notas de estruturalidade, en canto aos seus integrantes, xa que ademais supoñería a perda da oportunidade de renovar as competencias profesionais derivadas da incorporación de novos aspirantes con coñecementos máis actualizados, por ter cursado novas titulacións, en definitiva, con capacidades adquiridas a través dun sistema educativo, en permanente evolución. Por outra banda cabe salientar que, ao terse producido nos últimos anos importantes modificacións na normativa legal que afecta ás Entidades Locais, resulta necesario asegurar que os aspirantes ao desempeño de determinado tipo de empregos públicos na Entidade provincial, nos que a actualización normativa é un requisito moi importante, están ao día nos novos requirimentos de coñecementos e saber facer derivados das citadas modificacións legais.

Por tal motivo, tanto nos criterios aprobados inicialmente, como nas modificacións e refundicións, aprobadas por resolución da Presidencia, de 29 de setembro do 2009 e de 25 de novembro do 2011, concretamente no 3º do texto vixente, establécese a duración da lista e período de permanencia na mesma co seguinte texto : a) Duración das Listas : “(...) Poderá darse por caducada una lista cando polo transcurso do tempo ou por outras circunstancias se considere que se modificaron as características do posto de traballo a desempeñar ou as circunstancias do servizo. Neste suposto convocarase un novo proceso selectivo, seguindo os mesmos criterio que se enunciaron anteriormente. En calquera caso a permanencia nas listas revisarase aos 3 anos a contar dende o día seguinte a facelas públicas no Taboleiro de anuncios da Entidade, mediante nova convocatoria(...)”.

Analizadas as listaxes de substitucións, que a día de hoxe están en funcionamento na Entidade Provincial, pode constatare que algunhas delas ou ben carecen de aspirantes ou xa teñen unha vixencia superior a 3 anos.

Atendendo ás ditadas circunstancias, coa finalidade de actualizalas tendo en conta o establecido pola normativa de aplicación, vistos os informes dos Servizos desta Deputación, e en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, esta Presidencia RESOLVE:

1º.- Declarar caducadas, con efectividade do 31 de decembro do 2017, as listaxes de aspirantes que participaron en procesos selectivos para a cobertura de prazas de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo que teñan unha vixencia de tres anos ou superior, é dicir, as constituídas con anterioridade ao 1 de decembro do 2014, que son as seguintes:

- Peón de Vías Provinciais.
- Obreiro/a.
- Encargado/a de Instalacións Deportivas.
- Ebanista.

- *Diplomado/a en Traballo Social.*
- *Dinamizador/a de Xestión Cultural.*
- *Axudante Mecánico/a*
- *Vixilante Guía Discapacitado/a.*

2º.- *Publicar no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e demais efectos, esta resolución."*

De conformidade co establecido no artigo 58.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, contra o presente acto administrativo, que é definitivo en vía administrativa, os interesados poderán interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Deputación de Lugo no prazo dun mes ou proceder á interposición de recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo no prazo de dous meses, sen prexuízo de poder exercitar, se é o caso, calquera outro que estime oportuno.

Lugo, 28 de decembro do 2017.O PRESIDENTE, P.D decreto nº 402/2017 de data 24-02-2017.- O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón

R. 3797

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada o 21 de decembro de 2017 a *"convocatoria e bases específicas do concurso ordinario anual para a provisión do posto de Secretario/a - Interventor/a, do servizo de cooperación e asistencia a Concellos da Deputación Provincial, reservado a funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional"*; en cumprimento do previsto no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, expónse a información Pública na Secretaría Xeral desta Entidade, por un prazo de quince (15) días, dentro dos cales, poderase examinar o expediente e presentar as alegación que se estimen oportunas, nas condición que se establecen no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas. No caso de que non se presenten alegación, no citado prazo, entenderase definitivamente aproba.

Pazo Provincial de Lugo, 27 de decembro de 2017.- O PRESIDENTE, (P.D. Decreto nº 402/2017.- de data 24/02/2017) Pablo Rivera Capón.

R. 3834

Anuncio

PUBLICACION DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2017 POLO QUE SE APROBA Á CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE DEZANOVE PRAZAS DE "PEÓNS DE REPARACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS" ADSCRITAS AO PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.

CONVOCATORIA.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Considerando que no Informe-Proposta do Xefe do Parque Móbil Provincial, co conforme do Vicepresidente.- Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, de 19 de decembro do 2017, sinálase que con data 23 de febreiro de 2018 remata do Programa de carácter temporal denominado *"Plan Píoloto de Reparación e Asfaltado da Rede Provincial"* e consecuentemente remata o vínculo de servizo dos dezanove empregados (funcionarios interinos do artigo 10.1.c) do EBEP) que desempeñaban as funcións de Peóns de Reparación de Vías Provinciais, polo que solicitan que se inicien os trámites para cubrir interinamente, á maior brevidade, as dezanove prazas de *"Peóns de Reparación de Vías Provinciais"*, as cales, atópanse vacantes da vixente RPT e cuxo datos esenciais son:

Nº PRAZA	GRUPO PROFESIONAL	CATEGORÍA POSTOS	PRAZAS RELACIONADAS COS POSTOS Nº:
3317	Agrupacións Profesionais	De entrada.	1432
3318			1433
3319			1434
3320			1435
3321			1436
3322			1437
3323			1438
3324			1439
3325			1440

3326			1441
3327			1442
3328			1443
3329			1444
3330			1445
3331			1446
3332			1447
3333			1448
3334			1449
3335			1450

2.- NORMATIVA DE APLICACIÓN AO OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Principal normativa de aplicación:

- Artigo 15.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

- Artigo 19.Dous da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.

- Artigos 7, 8, 11, 55 e 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Artigo 35 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, sobre a selección e nomeamento dos funcionarios interinos.

3.- EFECTIVOS A INCORPORAR PARA CUBRIR INTERINAMENTE AS DEVANDITAS PRAZAS.

Tendo en conta o antedito, resulta necesario convocar o correspondente proceso selectivo para cubrir interinamente as dezanove prazas de *“Peóns de Reparación de Vías Provinciais”* ao obxecto de prestar servizos como persoal laboral temporal, dado que esta Entidade carece de efectivos para realizar as funcións correspondentes ás mencionadas prazas.

Considerando que queda debidamente acreditada no expediente a necesidade urxente e inaprazable de incorporar, con carácter provisional, os dezanove efectivos ao Parque Móbil Provincial ao obxecto de cubrir as prazas cuxas características se sinalan nas bases específicas da presente convocatoria.

Considerando que se cumpren as esixencias da normativa vixente, en particular os referidos ao artigo 19.Dous da Lei 3/2017, de 27 de xuño, xa mencionada, en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 056, de 10 de marzo de 2011, á Xunta de Goberno adoptou o seguinte,

ACORDO:

1º.- Aprobar a presente convocatoria e as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, ao obxecto de cubrir interinamente, mediante contrato laboral de duración determinada na súa modalidade de interinidade, as seguintes prazas de *“Peóns de Reparación de Vías Provinciais”* adscritas ao Parque Móbil Provincial:

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán nestes procedementos selectivos estarase ás aprobadas pola Xunta de Goberno, na súa sesión do día 4 de decembro de 2015 e relativas á selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos á Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), que foron publicadas no BOP nº 289, do xoves 17 de decembro de 2015.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas probas selectivas ao obxecto da provisión, con carácter provisional, das mencionadas prazas de *“Peóns de Reparación de Vías Provinciais”*, adscritas ao Parque Móbil Provincial.

BASES ESPECÍFICAS PARA PROVISTAR, CON CARÁCTER DE INTERINIDADE, DEZANOVE PRAZAS, DE RÉXIME XURÍDICO LABORAL, DE PEÓNS DE REPARACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS.

1.- **OBXECTO DA BASES ESPECÍFICAS:** Provistar, con carácter de interinidade, dezanove prazas, de réxime xurídico laboral, de *“Peóns de reparación de vías provinciais”*, adscritas ao Parque Móbil Provincial.

2.- **BASES XERAIS:** No presente proceso selectivo rexerán ás Bases Xerais aprobadas na sesión desta Xunta de Goberno do día 4 de decembro de 2015 e publicadas no BOP nº 289 de data 17 de decembro de 2015.

3.- **RELACIÓN XURÍDICA:** Laboral. Vínculo laboral formalizado mediante contrato laboral temporal de interinidade, modalidade establecida no artigo 15.1.c do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores en relación co art. 4 do RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve aquel.

4.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS:**4.1.- NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 19.****4.2.- DENOMINACIÓN DAS PRAZAS:** Peóns de Reparación de Vías Provinciais.**4.3.- GRUPO DE ENCADRAMENTO:** Agrupacións Profesionais.

4.4.- RETRIBUCIÓN: As retribucións a percibir polos ocupantes serán as que corresponden á praza/posto de “Peóns de Reparación de Vías Provinciais”, na súa categoría de “posto de entrada” e atendendo ao grupo profesional de encadramento.

5.- REQUISITOS INDISPENSABLES:

5.1.- TITULACIÓN ACADÉMICA ESIXIDA PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO. Non é necesario estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo (Disposición adicional 7ª do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.).

5.2.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 2.**6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:** CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.

O sistema de selección está previsto no apartado 9 das Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivo aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno na súa sesión do día 4 de decembro de 2015 (publicadas no BOP nº 0289 de data 17/12/2015). Non obstante, atendendo ás características das prazas a cubrir, nas que as funcións a desenvolver son de carácter operativo, o desenvolvemento da fase de oposición (apartado 9.1 das Bases Xerais) realizarase do seguinte xeito:

a) En primeiro lugar realizarase a proba práctica, conforme ás condicións que se prevén na Base 9.1.2 das Bases Xerais, sendo a dita proba eliminatoria.

b) Os exercicios previstos para a proba de coñecementos realizarase nos termos e condicións previstas na Base 9.1.1 das Bases Xerais, entre os aspirantes que teñan superado a proba práctica.

7.- PROGRAMA.**A) Materias xerais.**

1.- A provincia como Entidade Local. Competencias. Organización provincial con especial referencia á Deputación Provincial de Lugo.

B) Materias específicas.

2.- Drenaxe. Cunetas ou gabias: materiais e execución. Drenaxes profundas: materiais e execución. Execución das obras en casos normais.

3.- Firms e pavimentos. Capas granulares. Mesturas bituminosas. Composición, materiais, ensaios elementais e execución. Formigóns: características, composición e dosificación. Encofrados.

4.- Coñecementos xerais da maquinaria empregada na construción e conservación de estradas.

5.- Operacións de conservación ordinarias: Descrición e tarefas. Atención de emerxencias. Vialidade invernal. Limpeza de neve e tratamento antixeo.

6.- Principios xerais en materia de seguridade e saúde aplicables ás actuacións en estradas. Sinalización de seguridade e saúde no lugar de traballo: cores de seguridade. Tipos de sinais. Sinalización, balizamento e defensas. Sinalización horizontal e vertical de estradas.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedementos Administrativo Común, contra o presente acto administrativo, que é definitivo en vía administrativa, os interesados poderán interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Deputación de Lugo no prazo dun mes ou proceder á interposición de recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo no prazo de dous meses, sen prexuízo de poder exercitar, se é o caso, calquera outro que estime oportuno.

Pazo Provincial, 29 de decembro de 2017.- O SECRETARIO XERAL, Manuel Castiñeira Castiñeira

**DEPUTACIÓN DE LUGO****DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO****ANEXO I DAS BASES XERAIS QUE REGULAN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL INTERINO/TEMPORAL.****DATOS DA PRAZA / EMPREGO / LISTAXE QUE SOLICITO:**

DENOMINACIÓN:			
ADSCRICIÓN:			
RÉXIME XURÍDICO:			
DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOP:			

DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:	
DNI:	TELÉFONO PARTICULAR:	TELÉFONO MÓBIL:	
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO E PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	
CORREO ELECTRÓNICO:			

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases xerais e específicas:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título de.....
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

SOLICITO:

- Ser admitido para participar no procedemento selectivo.

Marcar en caso afirmativo:

- ☐ A exención de realizar a proba de galego por posuír o nivel esixido nas Bases específicas.
- ☐ A adaptación das probas que se sinalan a continuación, por acreditar unha discapacidade igual ou superior ao 33% e o motivo da discapacidade:

Descrición proba e adaptación solicitada.

(Sinatura)

Lugo, de de

AO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

MÉRITOS QUE DEBERÁN SER ACREDITADOS DOCUMENTALMENTE POLOS ASPIRANTES SEGUNDO SE SINALA NA BASE XERAL 9.2.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 6 puntos).

DESEMPEÑO DE PRAZAS/POSTO/EMPREGOS NA ADMÓN. PÚBLICA.		
DENOMINACIÓN ADMINISTRACIÓN.	DENOMINACIÓN PRAZA / POSTO / EMPREGO.	TEMPO DE SERVIZOS.

DESEMPEÑO DE POSTOS/EMPREGOS NA EMPRESA PRIVADA.		
DENOMINACIÓN DA EMPRESA.	DENOMINACIÓN DO EMPREGO.	TEMPO DE SERVIZOS.

B) TITULACIÓNS ACADÉMICAS (Máximo 2 punto).

C) CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS , CONGRESOS E SIMILARES RELACIONADAS COAS FUNCIÓNS DO POSTO/FUNCIÓN Á QUE SE OPTA (Máximo 4 puntos).

ASISTENCIA		
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA.	Nº HORAS.
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		

APROVEITAMENTO		
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA.	Nº HORAS.
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		
15		

IMPARTICIÓN.		
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA.	Nº HORAS.
1		
2		
3		
4		
5		
6		

PUBLICACIÓN, PROXECTOS, MASTERS PROPIOS, SEMINARIOS, ETC.	
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN.
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	

D) IDIOMA GALEGO (Máximo 1 punto).

Nº. ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA OU TITULACIÓN.
1	
2	
3	
4	
5	
6	

E) IDIOMAS COMUNITARIOS (Máximo 1 punto).

Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA OU TITULACIÓN.
1	
2	
3	
4	
5	

F) SUPERACIÓN DE PROBAS (Máximo 1 punto).

PROBA SUPERADA.	Nº BOLETÍN OFICIAL DE PUBLICACION DA CONVOCATORIA

En virtude da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que proporcione será tratados pola Deputación de Lugo coa única finalidade de tramitar a solicitude. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito á Deputación Provincial de Lugo, calle San Marcos, 8, 27001 LUGO.

CONCELLOS**ABADÍN***Anuncio***ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS.****1º.- ADXUDICACIÓN POR LOTES DAS OBRAS INCLUÍDAS NO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL DO ANO 2017.**

Para os efectos do artigo 154 do Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro faise público a adxudicación e formalización do contrato das **“OBRAS DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL DO CONCELLO DE ABADÍN PARA O ANO 2017”**, adxudicación por lotes:

1. Entidade adxudicadora:

- a) Organismo: Concello de Abadín.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- c) Número de expediente: 54/2017.
- d) Enderezo da Internet do perfil do contratante: <http://www.abadin.es/>

2. Obxecto do contrato:

- a) Tipo: contrato administrativo de obras.
- b) Descrición: Obras de mellora do viario público titularidade do Concello de Abadín mediante o reforzo do firme existente.
- c) CPV (referencia de nomenclatura): CPV: 45233140-2 “Obras viales”.
- d) **Lotes: TRES (3).**

3. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: urxente.
 - b) Procedemento: negociado con publicidade, varios criterios de adxudicación.
 - c) Medio de publicación do anuncio de licitación: Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Perfil de contratante.
 - d) Data de publicación do anuncio de licitación: Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm.166 de data 20/07/2017, e Perfil do Contratante con data 20/07/2017
4. Valor estimado do contrato: 227.401,61 euros.
5. Orzamento base de licitación: Importe neto: 227.401,61 euros. IVE: 47.754,33 Importe total: 275.155,94 euros.

Lote nº 1: Acondicionamento de accesos a espazos medioambientais das parroquias de Fanoi e Candia.

Importe sen IVA: 45.490,26 €

IVA:(21 %): 9.552,95 €

Importe total: 55.043,21 €

Lote nº 2: Acondicionamento de accesos a espazos medioambientais das parroquias de Vilarente, A Graña, e Corvite.

Importe sen IVA: 43.503,78 €

IVA:(21 %): 9.135,79 €

Importe total: 52.639,57 €

Lote nº 3: Acondicionamento de accesos a espazos medioambientais da parroquia de Baroncelle.

Importe sen IVA: 138.407,57 €

IVA:(21 %): 29.065,59 €

Importe total: 167.473,16 €

6. Formalización do contrato:

Lote nº 1: Acondicionamento de accesos a espazos medioambientais das parroquias de Fanoi e Candia:

a) Data de adxudicación: 18/08/2017.

b) Data de formalización do contrato: 22/08/2017.

c) Contratista: "CONSTRUCCIONES ROCHA CORRAL, S.L.", con CIF.: B15338338.

d) Importe de adxudicación: Importe sen IVA: 45.490,26 €. IVA 21 % : 9.552,95 €. Importe total: 55 043,21 €

e) Vantaxes da oferta adxudicataria: melloras a executar: 2.620 00 metros lineais de marca viaria reflexiva branca acrílica con microesferas de vidro, de 10 cm de ancho, incluso premarcaxe, realmente pintada, conforme á memoria de melloras redactada pola enxeñeira de camiños, canles e portos; D^a. Laura Santalla Castro (PK3 Ingenieros), en nun prezo de 1.467,20€ con IVE, gastos xerais e beneficio industrial excluídos; redución do prazo de execución en 18 días con respecto ao día 08/09/2017; e ampliación do prazo de garantía en tres anos, o que da un prazo de garantía total de catro anos.

Lote nº 2: Acondicionamento de accesos a espazos medioambientais das parroquias de Vilarente, A Graña, e Corvite.

a) Data de adxudicación: 18/08/2017.

b) Data de formalización do contrato: 22/08/2017

c) Contratista: "HERMANOS PICO YÁÑEZ, S.L con CIF.: B27150572.

d) Importe de adxudicación: Importe sen IVA: 43.503,78 € IVA 21 % : 9.135,79 € Importe total: 52.639,57 €.

e) Vantaxes da oferta adxudicataria: melloras a executar: 2.860,00 metros lineais de marca viaria reflexiva branca acrílica con microesferas de vidro, de 10 cm de ancho, incluso premarcaxe, realmente pintada, conforme á memoria de melloras redactada pola enxeñeira de camiños, canles e portos; D^a. Laura Santalla Castro (PK3 Ingenieros), en nun prezo de 1.601,60€ con IVE, gastos xerais e beneficio industrial excluídos; redución do prazo de execución en 18 días con respecto ao día 08/09/2017; e ampliación do prazo de garantía en tres anos, o que da un prazo de garantía total de catro anos.

Lote nº 3: Acondicionamento de accesos a espazos medioambientais da parroquia de Barancellle.

a) Data de adxudicación: 18/08/2017.

b) Data de formalización do contrato: 22/08/2017.

c) Contratista: "CANARGA, S.L con CIF.: B15360902.

d) Importe de adxudicación: Importe sen IVA: 138.407,57 €; IVA 21 % : 29.065,59 €; Importe total: 167.473,16 €.

e) Vantaxes da oferta adxudicataria: melloras a executar: 7.840,00 metros lineais de marca viaria reflexiva branca acrílica con microesferas de vidro, de 10 cm de ancho, incluso premarcaxe, realmente pintada, conforme á memoria de melloras redactada pola enxeñeira de camiños, canles e portos; D^a. Laura Santalla Castro (PK3 Ingenieros), en nun prezo de 4.390,40€ con IVE, gastos xerais e beneficio industrial excluídos; redución do prazo de execución en 17 días con respecto ao día 08/09/2017; e ampliación do prazo de garantía en tres anos, o que da un prazo de garantía total de catro anos.

2º.- ADXUDICACIÓN POR LOTES DAS OBRAS DE MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE ABADÍN" INCLUÍDAS NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2017-INVESTIMENTOS (PLAN ÚNICO -DEPUTACIÓN DE LUGO)

Non procederá a división se a cota líquida resultante da división é inferior aos límites establecidos no artigo 4º.

ARTIGO 4º. EXENCIONS.

1) Ademais das exencións previstas no texto vixente do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécese a exención dos inmovibles rústicos cando a cota agrupada correspondente a cada suxeito pasivo sexa inferior a 3,60 €. Igual exención establécese para os bens inmovibles de natureza urbana nos que a súa cota sexa inferior a 3,90 €.

2) Establécese unha exención a favor dos centros sanitarios de titularidade pública que a continuación se relacionan:

- RESIDENCIA DE MAIORES AS GÁNDARAS (ref. catastral 8255801PH1685S)
- CENTRO CURROS ENRÍQUEZ (ref. catastral 7044027PH1674S)
- HOSPITAL UNIVERSITARIO LUCUS AUGUSTI (ref. catastral 27900A44200013)
- CENTRO RÚA FONTELO (ref. catastral 7148302PH1674N)
- CENTRO FONTIÑAS (ref. catastral 8228511PH1682N)

O período de aplicación da presente exención será ata o ano 2023, inclusive.

ARTIGO 5º. BONIFICACIONS.

1.- Establécese unha bonificación do 90% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmovibles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación delas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poda exceder de tres períodos impositivos.

A documentación que terán que achegar na solicitude da bonificación polos interesados será a seguinte:

- Fotocopia da Licenza municipal de obras.
- Fotocopia do último recibo do Imposto sobre actividades económicas, en caso de tributar por el, ou noutro caso, fotocopia da declaración censual no imposto anterior ou acreditación por calquera medio admisible en dereito de que se trata dunha empresa de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria.
- Fotocopia do último recibo do Imposto sobre bens inmovibles ou declaración de alteración de bens no caso de que o recibo figure a nome doutro propietario.
- Balance de situación pechado a 31 de decembro do ano anterior, para acreditar que o inmovible non figura entre os bens do inmovilizado.

Unha vez presentada a solicitude, o Concello requerirá ó interesado para que achegue certificado do Director Técnico, visado polo Colexio Oficial competente, para acreditar a data de inicio das obras.

2.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma.

A dita bonificación concederase a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración desta e producirá efectos, de ser o caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

A documentación que hai que achegar na solicitude da bonificación polos interesados será a seguinte:

- Cédula de cualificación provisional e definitiva de vivenda de protección oficial expedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

3.- Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra, os bens rústicos das Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da Terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

4.- Os titulares de familia numerosa terán unha bonificación da cota íntegra do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, na seguinte contía:

Familia numerosa categoría xeral	30 %
Familia numerosa categoría especial	50 %

Para obter a bonificación, se deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) O inmovble para o que se solicita debe ser a vivenda habitual de toda a familia numerosa. Para estes efectos, se considerará vivenda habitual aquela onde se atopen empadronados todos os seus membros.

b) Solicitud identificando o inmovble.

c) Título de familia numerosa en vigor.

Esta bonificación ten carácter rogado polo que a súa concesión requirirá, en todo caso, solicitud previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta.

A bonificación terá duración exclusivamente anual polo que debe ser solicitada para cada exercicio en que se pretenda a súa aplicación dentro do primeiro trimestre. A non presentación da solicitud no prazo establecido implicará a perda da bonificación, sen prexuízo de poder solicitarse novamente para períodos

impositivos seguintes.

A solicitud de concesión desta bonificación deberá presentarse no Rexistro

Xeral do Concello mediante escrito firmado polo suxeito pasivo, aportando a seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade do solicitante.

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba xurdir efectos a bonificación.

A bonificación finalizará de oficio no período impositivo seguinte ao que se deixe de ostentar a condición de familia numerosa.

5.- Establécese unha bonificación do 95% na cota íntegra do imposto para os inmobles propiedade da Universidade de Santiago de Compostela directamente destinados a fins universitarios. A estes efectos solicitarase anualmente, dentro do primeiro semestre do ano, a concesión da bonificación, acreditando mediante certificación expedida ó efecto o destino de tódolos inmobles dos cales se insta a bonificación.

6.- Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, durante 3 anos, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración.

A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá o Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitud do suxeito pasivo, surtindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitud.

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Son directamente aplicables as normas contidas nos artigos 60 a 77 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que se consideran incorporadas a esta ordenanza, e os pertinentes preceptos da Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

De conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o devandito acordo é firme na vía administrativa, e poderá interpoñerse no prazo de dous meses, a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza), se é o caso, ou calquera outro que se estime procedente, de acordo co establecido no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Lugo, 28 de decembro de 2017.- O SECRETARIO XERAL DO PLENO, Justo Díaz Rodríguez, A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto.

R. 3842

MONDOÑEDO

Anuncio

EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS

A Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión do 15 de Decembro aprobou o Padrón da **TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 6º BIMESTRE DO 2017.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formularen as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de Xaneiro ó 28 de Febreiro, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excm. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 19 de Outubro do 2017.- O Tte. Alcalde,

R. 3789

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

O Alcalde por resolución do 20 de decembro de 2017 nomeou a DON MIGUEL MARTÍNEZ DÍAZ con DNI núm. 34259446A, como Funcionario de carreira do posto de Grupo C, Subgrupo C1, Escala: Administración Especial, Subescala: Servizos especiais, Clase: POLICÍA LOCAL, pertencente á Escala Básica desta, categoría OFICIAL.

O que se fai público para o xeral coñecemento e en cumprimento do establecido no artigo 62 do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 60 da Lei 12/2015, do emprego público de Galicia.

Monforte de Lemos, 27 de decembro de 2017.- O alcalde, Jose Tomé Roca

R. 3843

MONTERROSO

Anuncio

Información pública

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/12/17, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2017, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 2 de xaneiro de 2018 ó 23 de febreiro de 2018.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da

Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económica-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 19 de decembro de 2017.- O Alcalde, Miguel Rico Gómez

R. 3790

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado, ó non presentarse ningunha reclamación na súa contra, o o **expediente de modificación de créditos por suplementos, nº 8, do exercicio 2017**, por importe total de **23.613,96 €**, financiado con cargo ó superávit derivado da liquidación do exercicio 2016, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o *T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais*, faise público que, trala aprobación do expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2.017, é o seguinte:

Capítulo 1	600.166,95 €
Capítulo 2	394.455,57 €
Capítulo 4	13.150,00 €
Capítulo 6	403.045,78 €
TOTAL ORZAMENTO	1.410.818,30 €

A Proba de Navia, 28 de decembro de 2.017.- O Alcalde, D. José Fernández Fernández

R. 3844

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado, ó non presentarse ningunha reclamación na súa contra, o **expediente de modificación de créditos nº 9 do exercicio 2017**, que comprende **suplemento de crédito**, por importe de **38.095,30 €**, financiado con cargo ó remanente líquido de tesoureiría para gastos xerais, derivado da liquidación do exercicio 2.016, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o *T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais*, faise público que, trala aprobación do expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2.017, é o seguinte:

Capítulo 1	604.655,76 €
Capítulo 2	428.062,06 €
Capítulo 4	13.150,00 €
Capítulo 6	403.045,78 €
TOTAL ORZAMENTO	1.448.913,60 €

A Proba de Navia, 28 de decembro de 2.017.- O Alcalde, D. José Fernández Fernández

R.3845

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

DO CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ

O Pleno do Concello de Negueira de Muñiz, en sesión ordinaria celebrada o día 18.12.2017, acordou a aprobación provisional da Ordenanza da Administración Electrónica do Concello de Negueira de Muñiz

E en cumprimento do disposto no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública

polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se tivesen presentado alegacións, considerárase aprobado definitivamente dito acordo.

Negueira de Muñiz, 19 de decembro de 2017.- O alcalde, Jose Manuel Braña Pereda

R. 3791

AS NOGAIS

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de decembro de 2017, acordou a aprobación provisional da modificación da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo Outorgamento da Licenza de Apertura de Establecemento".

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concelloasnogais.sedelectronica.gal>].

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerárase aprobado definitivamente o devandito Acordo.

As Nogais, 14 de decembro de 2017.- Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz

R. 3792

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o **23 de novembro de 2017**, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao terceiro trimestre do ano 2017** das:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 31/03/2018**. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Caixa Galicia. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

En Pedrafita do Cebreiro, 21 de decembro de 2017.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3821

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO 2018

O Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada o 30.11.2017 aprobou inicialmente o orzamento, bases de execución, cadro de persoal e anexos do exercicio 2018. Conforme ao artigo 169 do TRLRFL someteuse a información pública por un período de 15 días. Ao non presentarse reclamacións durante este período, enténdense definitivamente aprobados. En cumprimento do que dispón o punto 3 do devandito artigo, faise público que dito orzamento ascende en gastos e ingresos a 1.205.004,91€ (Un millón douscentos cinco mil catro euros con noventa e un céntimos).

Correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	762.122,77
2	Gastos en bens correntes e servizos	263.261,24
3	Gastos financeiros	100,00
4	Transferencias correntes	14.970
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		1.040.454,01
6	Inversións reais	164.550,90
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		164.550,90
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		1.205.004,91

ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	148.713,64

2	Impostos indirectos	0,00
3	Taxas e outros ingresos	102.778,40
4	Transferencias correntes	801.665,37

5	Ingresos patrimoniais	9.000
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		1.062.157,41
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	142.847,50
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		142.847,50
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		1.205.004,91

De acordo co que se establece no artigo 127 do RD 791/1986, do 18 de abril, reproducése a continuación o cadro de persoal para o exercicio 2018

1.1.- FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN	NÚM. DE POSTOS	GRUPO	NIVEL	SITUACION
SECRETARIA-INTERVENCION	1	A1	24	ACUMULACIÓN
TECNICO ECONOMISTA	1	C1	19	COBERTURA INTERINA
TÉCNICO DE SERVIZOS MUNICIPAIS	1	C1	19	COBERTURA INTERINA

1.2.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL: Para o exercicio 2018, mera estimación de contratos a formalizar en función das subvencións ou convenios que se concreten con outras administracións públicas, así coma das necesidades puntuais de persoal.

DENOMINACIÓN	Nº POSTOS	CARACTERÍSTICAS	DURACIÓN
PEÓN LIMPEZA DE SERVIZOS PÚBLICOS	2	XORNADA PARCIAL (25H/SEM)	12 MESES
AXENTE DE EMPREGO LOCAL	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES
TRABALLADOR SOCIAL	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES
AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR	5	XORNADA COMPLETA	12 MESES
AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR	7	XORNADA PARCIAL	12 MESES
SOCORRISTA	1	XORNADA PARCIAL(35H/SEM)	3 MESES
INFORMADOR TURÍSTICO	1	XORNADA COMPLETA	3 MESES
OF. 1ª ALBANEL	4	XORNADA COMPLETA	12 MESES
TÉCNICO SUPERIOR DE ADMON (APROL RURAL)	1	XORNADA COMPLETA	9 MESES
PEON (APROL RURAL)	1	XORNADA COMPLETA	9 MESES
PEÓN CARPINTEIRO (DEPUEMPREGO)	1	XORNADA COMPLETA	9 MESES
OFICIAL ALBANEL (DEPUEMPREGO)	1	XORNADA COMPLETA	9 MESES

MECÁNICO (DEPUEMPREGO)	1	XORNADA COMPLETA	9 MESES
PEÓN (DEPUEMPREGO)	3	XORNADA COMPLETA	6 MESES
OF. 1ª CONDUCTOR INCENDIOS	3	XORNADA COMPLETA	3 MESES
PEÓNS BRIGADAS INCENDIOS	4	XORNADA COMPLETA	3 MESES
XEFE DE BRIGADA DE INCENDIOS	1	XORNADA COMPLETA	3 MESES
OFICIAL 2º ALBANEL	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES
PEÓN ELECTRICISTA	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES
PEÓN	2	XORNADA COMPLETA	3 MESES
CONDUCTOR CAMIÓN LIXO	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES

CON CARGO AO PLAN ÚNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO:

PEÓN	3	XORNADA COMPLETA	6 MESES
------	---	------------------	---------

Total número persoal temporal do Concello: 47

En Pedrafita do Cebreiro, 27 de decembro de 2017.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena

R. 3846

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Cumprido os trámites de exposición pública da ordenanza que se indica a continuación sen que se presentase reclamación algunha consideráanse definitivamente aprobadas cos texto que figuran a continuación:

Ordenanza non fiscal de xestión de biomasa.

Índice

Capítulo I: disposicións xerais

Artigo 1.- Fundamentos

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

Artigo 3.- Persoas responsables

Artigo 4.- Definicións

Capítulo II: da limpeza de terreos e soares, e de vertedoiros e restos forestais

Artigo 5.- Limpeza de terreos e soares

Artigo 6.- Vertedoiros e restos forestais

Capítulo III: da xestión da biomasa

Artigo 7.- Obrigas nas faixas secundarias

Artigo 8.- Obrigas nas faixas terciarias

Artigo 9.- Novas edificacións

Capítulo IV: das distancias das plantacións

Artigo 10.- Prohibicións e distancia das repoboacións forestais

Artigo 11.- Distancias das novas plantacións de especies frondosas, froiteiras ou árbores ornamentais

Artigo 12.- Distancias das plantacións arbustivas, sebes e plantacións en medianeira e lindeiros

Capítulo V: procedemento regulado

Artigo 13.- Licenzas e permisos para talas

Artigo 14.- Para a xestión da biomasa

Artigo 15.- Para vertedoiros, residuos forestais, limpeza de soares e distancias de plantación

Artigo 16.- Procedemento de orde de execución

Capítulo VI: réxime sancionador

Artigo 17.- Supletoriedade desta ordenanza

Artigo 18.- Competencia

Artigo 19.- Cualificación das infraccións

Artigo 20.- Contía das sancións

Artigo 21.- Prescrición

Disposicións adicionais

Disposición transitoria

Disposición derogatoria

Disposicións fianis

Anexos

Anexo I: especies de crecemento lento recollidas no Anexo I da Lei 7/2012 de montes de Galicia.

Anexo II: Especies recollidas na Disposición Adicional Primeira da Lei 3/2007 de incendios de Galicia.

Anexo III: Criterios para a xestión da biomasa

Capítulo I: disposicións xerais

Artigo 1.- Fundamentos

O artigo 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo a modificación levada a cabo pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, atribúelle ao municipio as competencias en protección da salubridade pública e na prevención e extinción de incendios.

Así mesmo correspóndelle ao concello a potestade regulamentaria atribuída polo artigo 4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora do réxime local, polo artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia e polo artigo 12 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo o artigo 16.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (modificada pola Lei 7/2012, do 21 de xuño, de montes de Galicia, e á súa vez modificada pola Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación), os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, poderán incluír ordenanzas de prevención de incendios concordantes co obxecto desta lei en solo urbano, núcleo rural e urbanizable delimitado situado a menos de 400 metros do monte.

O Código Civil (Real decreto de 24 de xullo de 1889), establece, no seu artigo 591, algunhas limitacións relativas ás distancias para plantacións, en caso de ausencia de ordenanza ou costume do lugar.

Así, o Concello da Pobra do Brollón, por medio da presente ordenanza, establece as condicións para, no ámbito das súas competencias, conseguir as axeitadas condicións de salubridade e seguridade para previr e evitar os incendios forestais, protexendo as persoas e os bens; promover as condicións de limpeza e ornato público en terreos e soares; e establecer prohibicións e distancias que se deben respectar ao realizar novas repoboacións forestais, plantacións de especies froiteiras ou ornamentais, e instalación de sebes.

Por outra banda, recóllense as obrigas estipuladas pola Lei 3/2007 para a xestión da biomasa sobre diferentes tipos de terreos situados no monte ou en zona de influencia forestal.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

A presente ordenanza é de obrigado cumprimento para todas as persoas responsables, tanto físicas como xurídicas, que teñan os seus terreos dentro do termo municipal da Pobra do Brollón.

Conforme o disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, a presente ordenanza será de aplicación en todo o non previsto pola lexislación básica.

Artigo 3.- Persoas responsables

Para os efectos da presente ordenanza, entenderase por persoas responsables as persoas titulares ou, de ser o caso, as titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos afectados pola mesma, así como as administracións, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica.

Cando pertenza a unha persoa o dominio directo dun terreo ou construción e a outra o dominio útil, a obrigación recaerá sobre aquela que teña o dominio útil.

A persoa responsable de realizar a xestión da biomasa será a persoa propietaria dos terreos edificados, para o cal disporá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida. Este acceso farase durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa, e polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para o beneficiario.

A retirada de especies arbóreas será realizada polo seu propietario.

Artigo 4.- Definicións

Monte ou terreo forestal: todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedentes de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas.

Teñen tamén a consideración de monte ou terreo forestal os demais terreos descritos no artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e na Lei de montes de Galicia. Non terán a consideración de monte ou terreo forestal os terreos dedicados ao cultivo agrícola, o solo urbano, os núcleos rurais e o solo urbanizable delimitado, incluíndo a canle e a zona de dominio público hidráulico destes solos, e os excluídos pola normativa vixente, así como os terreos rústicos de protección agropecuaria.

Non obstante, e para os únicos efectos do cumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza, poderán ter a consideración de monte aquelas superficies que estean clasificadas como terreo rústico de protección agropecuaria que reúnan as características previstas no artigo 5.1º da Lei 43/2003, mentres subsista o seu uso forestal.

Repoboación forestal: introdución de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación.

Zona de influencia forestal: as áreas estremeiras que abranguen unha franxa circundante dos terreos forestais cunha largura de 400 metros, excluíndo o solo urbano, de núcleo rural e o urbanizable delimitado.

Xestión de biomasa: a creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible no terreo forestal e na súa zona de influencia, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia adecuadas para o cumprimento dos obxectivos previstos. Tendo en conta que os terreos situados en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable delimitado teñen unha natureza residencial ou habitacional, os riscos para os bens e as persoas por motivos de incendios forestais, deben reducirse ao mínimo e primar a seguridade.

Os criterios para levar a cabo a xestión da biomasa son os establecidos na Orde de 31 de xullo de 2007, que se recolle como o Anexo III desta ordenanza.

Rede de faixas de xestión de biomasa: o conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente localizadas, onde se garante o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendio.

Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa: teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais.

Redes terciarias de faixas de xestión de biomasa: localízanse nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal e están vinculadas ás infraestruturas de uso público, así como ás seguintes infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais: camiños, vías, pistas forestais, devasas, faixas auxiliares de pista, áreas cortallumes e outras infraestruturas ou construcións relacionadas coa prevención e defensa contra os incendios forestais.

Solo urbano, de núcleo rural e urbanizable (ou urbanizable delimitado): para os efectos desta ordenanza terán a consideración destes tipos de solo os terreos que o planeamento urbanístico de aplicación cualifiquen como tales ou os que reúnan as condicións que sinala os artigos 16, 23 e 27 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Malia a desaparición do tipo de solo “urbanizable delimitado”, esta denominación mantense na redacción da presente ordenanza debido ao seu uso na Lei 3/2007, como equivalente ao solo urbanizable.

Capítulo II: da limpeza de terreos e soares, e de vertedoiros e restos forestais

Artigo 5.- Limpeza de terreos e soares

As persoas responsables de toda clase de terreos e construcións, así como soares, fincas e calquera espazo libre, deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, quedándolles expresamente prohibido manter neles lixos, residuos sólidos urbanos ou entullos.

Os terreos ou soares situados no núcleo urbano e a menos de 50 metros del, deberán, ademais, manterse rozados e limpos na súa totalidade, e deberase facer coa periodicidade que sexa preciso para que se conserven nese estado, especialmente cando se aprecie que, por acumulación de matogueira, existe risco de incendio.

Os terreos ou soares situados no núcleo rural e aqueles que se atopen a menos de 50 metros deste dende o linde do terreo á primeira vivenda, deberán estar limpos e rozados na súa totalidade.

As persoas responsables de terreos situados fóra do núcleo urbano e núcleo rural e que lindan con edificacións deberán mantelos rozados nunha franxa de 50 metros desde o linde do terreo afectado.

As persoas responsables dos terreos que sexan estremeiros con predios de labradío, viñedos, horta, cultivos, etc. deberán mantelos rozados e limpos nunha franxa de 10 metros desde o linde destes.

A efectos do presente artigo entenderase que un terreo ou soar está rozado sempre que a carga total dos estratos herbáceos e arbustivos non exceda os 2.000 m³/ha, nin a súa altura máxima supere os 20 cm.

Estas restricións non serán de aplicación aos cultivos agrícolas e praderías que sexan obxecto, cando menos, dunha colleita anual.

Artigo 6.- Vertedoiros e restos forestais

En todo tipo de solos e en toda a extensión do concello serán de obrigado cumprimento as seguintes disposicións:

a) A existencia de vertedoiros incontrolados deberá ser comunicada ao concello, e deberase proceder a súa retirada e limpeza no prazo establecido no procedemento regulado.

b) Estará prohibido acumular residuos forestais procedentes da limpeza do monte ou resultantes da explotación forestal, tales como biomasa forestal residual, estelas, cortiza, resina e todo tipo de restos agrícolas e de produtos inflamables. Excluiranse desta prohibición os combustibles leñosos para autoconsumo amoreados nas propiedades particulares. Durante os meses de xullo, agosto e setembro, só estará permitido o amoreamento en cargadeiro de subprodutos resultantes de corta ou extracción forestal, sempre que exista unha área sen vexetación cun perímetro de 15 metros arredor.

Capítulo III: da xestión da biomasa

Segundo a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, do 21 de xuño, de montes de Galicia, existirán unha serie de obrigas de xestión da biomasa aplicables aos terreos situados no monte e na súa zona de influencia forestal, de acordo cos criterios estipulados no Anexo III.

Artigo 7.- Obrigas nas faixas secundarias

Segundo o artigo 21 da Lei 3/2007, as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa estarán formadas polos espazos previamente definidos como tales no plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais da Pobra do Brollón.

Nelas será obrigatorio para as persoas responsables, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais. Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas no Anexo II desta ordenanza.

As distancias mediranse desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, de ser o caso. As distancias no caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións mediranse desde o seu paramento. No caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, mediranse desde o límite das instalacións.

No caso de cámpings, gasoleiras e industrias en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, as distancias para as especies do Anexo II desta ordenanza serán de 50 metros, desde o límite das instalacións. No caso dos cámpings, esta distancia medirase desde o peche perimetral.

Artigo 8.- Obrigas nas faixas terciarias

Segundo o artigo 21 bis da Lei 3/2007, nos espazos previamente definidos como redes terciarias de faixas de xestión de biomasa no plan de prevención e defensa contra os incendios forestais do Distrito VIII Monforte Terra de Lemos (aprobadado pola Orde do 13 de marzo de 2009 sobre aprobación dos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito) será obrigatorio para as persoas responsables:

a) Xestionar a biomasa vexetal na totalidade da superficie das infraestruturas de uso público ou áreas recreativas, así como nunha franxa perimetral de 50 metros.

b) Xestionar a biomasa vexetal na totalidade das parcelas que se atopen dentro dunha franxa circundante de 50 metros arredor de zonas forestais de alto valor, cando así sexan especificamente declaradas por orde da consellería competente en materia forestal.

c) Nas vías e nos camiños forestais, a xestión da biomasa vexetal farase no estrato arbustivo e subarbustivo, na plataforma de rodadura do camiño e nos 2 metros desde a aresta exterior da vía ou do camiño.

d) No resto de infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais (devasas, faixas auxiliares de pista, rozas, áreas cortallumes e outras infraestruturas de prevención e defensa contra incendios forestais), a xestión da biomasa vexetal farase de acordo co planeamento de prevención e defensa contra os incendios forestais do distrito.

Artigo 9.- Novas edificacións

Segundo o artigo 23 da Lei 3/2007, as novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos resultantes da execución de plans de ordenación urbanística que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, e que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que resulten estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal, terán que cumprir coas seguintes medidas de prevención:

a) Asegurar a existencia dunha faixa perimetral de protección de 30 metros de largo dentro da mesma propiedade, arredor da urbanización, edificación ou instalación, computada desde o límite exterior da edificación ou instalación destinada ás persoas, libre de vexetación seca e coa masa arbórea rareada, que en ningún caso conterá especies do Anexo II desta ordenanza, consonte os criterios que se establecerán mediante orde da consellería competente en materia forestal.

b) No caso de urbanizacións e edificacións para uso industrial deberán dispoñer de xeito perimetral dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios ou, na súa falta, de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente.

c) Presentar ante a administración municipal un proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais que garanta o cumprimento do que establece a citada lei e a normativa que a desenvolva, así como o cumprimento do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, no momento de se aprobar.

A partir da faixa perimetral de 30 metros indicada na alínea a) do punto anterior, establécese unha faixa perimetral de 20 metros de largo na calos propietarios dos terreos serán responsables da realización das medidas de xestión da biomasa.

Capítulo IV: das distancias das plantacións

Artigo 10.- Prohibicións e distancia das repoboacións forestais

De conformidade co disposto no artigo 67.1 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable, de núcleo rural e no rústico de especial protección agropecuaria.

Non se permiten plantacións das especies indicadas no Anexo II desta ordenanza, en solo de núcleo rural, solo urbano nin solo urbanizable delimitado, en toda a superficie do concello.

Así mesmo, prohíbese a sementeira ou a plantación con exemplares dos xéneros Acacia (acacia negra, mimosa), Robinia (falsa acacia) e Eucalyptus, mesmo de pés illados, en toda a superficie do concello.

As distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais, veñen recollidas na Lei 7/2012, de Montes de Galicia, segundo a seguinte táboa:

a) Con parcelas forestais	2 metros
b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros
c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do Anexo I, e 10 metros no resto de especies
d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do Anexo I, e 10 metros no resto de especies
e) Con pistas forestais principais	2 metros cando se empreguen as especies frondosas do Anexo I; no resto de especies, 4 metros en xeral, e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco
f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica	5 metros para todas as especies
g) Con canles fluviais de máis de 2 metros de largo	5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do Anexo I, e 15 metros no resto de especies, contados desde o dominio público. Non será aplicable en actuacións de recuperación ambiental
h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural	

i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado	15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do Anexo I, e 30 metros no resto de especies
j) Con cámpings, gasoleiras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento	25 metros para especies de frondosas do Anexo I, e 50 metros para o resto de especies

Artigo 11.- Distancias das novas plantacións de especies frondosas, froiteiras ou árbores ornamentais

En solo de núcleo rural, solo urbano e solo urbanizable delimitado permitirase a plantación de especies frondosas (agás, segundo o recollido no artigo 10, as dos xéneros Acacia, Robinia e Eucalyptus), froiteiras ou árbores ornamentais, sempre que a distancia entre os pés das plantas sexa, como mínimo, de 10 metros e que as polas non se acheguen a menos de 15 metros das edificacións principais nin a menos de 2 metros do linde da parcela contigua.

O cálculo das distancias das plantacións forestais e pés illados realizarase desde o punto máis próximo da plantación respecto do plano sobre o que se proxecta a superficie ocupada pola edificación.

Non se terán en conta as edificacións dedicadas á garda de apeiros agrícolas ou forestais, así coma as restantes edificacións e instalacións menores.

En todo caso, os pés das árbores deberán gardar unha distancia mínima de 5 metros respecto do dominio público viario, das conducións municipais de abastecemento e evacuación de augas, ou do alumeado público, sen que as polas poidan invadir o seu voo. Exceptuaranse desta prohibición as árbores ornamentais situadas nas beirarrúas, zonas verdes e xardíns de xestión pública ou áreas equivalentes.

Artigo 12.- Distancias das plantacións arbustivas, sebes e plantacións en medianeira e lindeiros

As distancias que deberán gardarse ao facer plantacións de especies arbustivas, sebes, en medianeiras e lindeiros, sobre calquera tipo de solo en toda a superficie do concello, serán as indicadas na seguinte táboa:

A vivendas:	
Arbustos de ata 2 metros de altura	1 metro
Arbustos de máis de 2 metros de altura	7 metros
A edificios non vivenda	
Arbustos de máis de 2 metros de altura	7 metros
A pradeiras e fincas de labor:	
Arbustos de ata 2 metros de altura	Sen limitación
Arbustos de máis de 2 metros de altura	3 metros
A camiños públicos	
Desde o eixo	5 metros
Desde o borde	2 metros
A conducións municipais de abastecemento ou evacuación de augas	
En todas as redes	5 metros
A outras plantacións:	
Arbustos de ata 2 metros de altura	Sen limitación
Arbustos de máis de 2 metros de altura	A mesma distancia das plantacións existentes, cun máximo de 3 metros

No suposto de que se pretenda realizar unha pantalla ou barreira vexetal xunto ao límite da propiedade, ademais de considerar as distancias en función da altura da plantación arbustiva, só poderán utilizarse especies adecuadas para esta finalidade (aligustre, loureiro, buxo, Photinia,...) e, en ningún caso, se plantarán especies que ao crecer puideran causar coas súas raíces danos nas paredes ou no chan.

Capítulo V: procedemento regulado

Artigo 13.- Licenzas e permisos para talas

As talas e os abatementos de árbores que constitúan masa arbórea, espazo boscoso, arboredo ou parque, a excepción das autorizadas polos órganos competentes da Comunidade Autónoma en materia forestal, estarán suxeitas a obtención da previa licenza municipal por parte deste concello.

Así mesmo, segundo o establecido no artigo 92 da Lei 7/2012 de montes, o aproveitamento das masas forestais existentes en solos urbanizables delimitados, no momento da súa entrada en vigor, estará sometido ao réxime de autorizacións da citada lei ata o desenvolvemento urbanístico deses solos, momento no que precisarán da licenza municipal descrita no primeiro parágrafo deste artigo.

Artigo 14.- Para a xestión da biomasa

As obrigas recollidas no capítulo III desta ordenanza deben executarse antes do 30 de xuño de cada ano. Na derradeira semana de abril realizaranse comunicacións xerais desas obrigas mediante a difusión de bandos ou notas informativas para o xeral coñecemento.

Superado o 30 de xuño, ben de oficio ou mediante denuncia previa de particulares, realizarase unha inspección e levantamento de actas nos lugares afectados, á fin de comprobar os feitos, así como a situación real dos terreos e a súa incidencia sobre a prevención e risco de propagación de incendios, e darase comezo ao procedemento regulado no artigo 16.

Artigo 15.- Para vertedoiros, residuos forestais, limpeza de soares e distancias de plantación

As obrigas recollidas nos capítulos II e IV desta ordenanza deben cumprirse de xeito permanente. No caso de detección de incumprimento dalgunha desas obrigas, ben de oficio ou mediante denuncia previa de particulares, realizarase unha inspección e levantamento de actas nos lugares afectados, á fin de comprobar os feitos, así como a situación real dos terreos, e darase comezo ao procedemento regulado no artigo 16.

Artigo 16.- Procedemento de orde de execución

Unha vez que o Concello se atope en posesión da acta de inspección o Alcalde poderá ben archivar o expediente, se a persoa responsable cumpriu as súas obrigas, ou ben acordar a iniciación dun expediente de orde de execución, notificándollo á persoa responsable.

A resolución que acorde a iniciación do expediente será notificada á persoa responsable concedéndolle, ao abeiro do artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, un prazo de audiencia de dez días desde a notificación do acordo, para que formule as alegacións que considere oportunas.

No suposto de non se formular alegación ningunha ou se as presentadas fosen desestimadas, o Alcalde ditará orde de execución, que se efectuará no prazo máximo de quince días desde a súa notificación á persoa interesada. Este prazo poderase ampliar, por causa xustificada, noutros quince días.

Rematado este prazo o Concello efectuará unha nova inspección co obxecto de comprobar o cumprimento da orde de execución. No caso de non se ter cumprido, o mesmo órgano que a ditou poderá acordar, de acordo co artigo 103 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o outorgamento dun novo prazo, a execución subsidiaria a custa do infractor ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas.

As multas coercitivas serán independentes e compatibles coa sanción, poderán reiterarse mensualmente ata lograr o cumprimento do ordenado, e cada unha delas por separado non poderá superar o 20% da multa fixada pola sanción.

A contía fixarase tendo en conta os seguintes criterios:

- a) O retraso no cumprimento da obriga a reparar
- b) A superficie do predio
- c) O número de predios afectados
- d) A existencia de intencionalidade ou reincidencia no cumprimento

No caso de execución subsidiaria as persoas responsables estarán obrigadas a facilitarlles os necesarios accesos ás entidades responsables dos traballos, que non requirirán de ningunha autorización para a súa execución. Os custos derivados deses traballos serán repercutidos, se é o caso, ás persoas responsables procedendo ao cobro dos gastos que se ocasionen ao concello a través do procedemento executivo de apremio, se fose preciso.

Capítulo VI: réxime sancionador

Artigo 17.- Supletoriedade desta ordenanza

A determinación das infraccións, sancións e competencias nas materias ás que se refire esta ordenanza será a establecida pola normativa sectorial de aplicación e, suplementariamente, pola propia ordenanza.

Será de aplicación preferente ao réxime sancionador establecido pola ordenanza:

- 1.- A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- 2.- A Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- 3.- A Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- 4.- A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Calquera outra norma estatal ou autonómica que contiña tipificacións de infraccións e sancións na materia regulada por esta ordenanza e que estableza a competencia municipal nestas, será de aplicación preferente tanto na tipificación das infraccións como na contía das sancións.

Cando polos mesmos feitos e fundamentos xurídicos o infractor puidese ser sancionado de acordo con varias leis de aplicación, das posibles sancións, seralle imposta a de maior gravidade.

Artigo 18.- Competencia

Corresponde ao Concello da Pobra do Brollón, a través da Alcaldía ou no que delegue, a inspección e sancións das infraccións, previa a instrución do correspondente expediente, das obrigas reguladas nesta ordenanza. Cando se detecten infraccións de índole penal ou de competencia doutras administracións darase conta inmediata das mesmas ao organismo que corresponda ou xurisdición competente.

Artigo 19.- Cualificación das infraccións

Consideraranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas nas leis e na propia ordenanza, así como a desobediencia aos mandatos que dite o órgano competente en relación coas materias que se regulan.

As infraccións cualificaranse de leves, graves ou moi graves.

Infraccións leves

Terán a consideración de infraccións leves:

- a) Non proceder á xestión da biomasa e limpeza dos terreos, unha vez transcorrido o prazo sinalado polo concello.
- b) Manter os terreos e soares sen a debida hixiene, limpeza ou ornato, agás que provoque problemas de salubridade.
- c) En xeral incumprir esta ordenanza, cando a acción ou omisión non estea tipificada como falta grave ou moi grave
- d) Non cumprir as ordes específicas ditadas polo concello.

Infraccións graves

Terán a consideración de infraccións graves:

- a) Non proceder á xestión da biomasa e limpeza dos terreos, cando haxa risco inminente de incendio para as bens ou persoas.
- b) Manter os terreos e soares sen a debida hixiene, limpeza ou ornato, e que isto provoque problemas de salubridade pública.
- c) Non proceder á xestión da biomasa e limpeza dos terreos, unha vez transcorrido o prazo sinalado polo concello, e tras cumprirse o prazo da notificación expresa da obriga.
- d) Realizar de plantacións sen gardar as distancias establecidas nesta ordenanza, ou en lugares ou con especies non permitidos.
- e) Non permitir, resistirse ou obstruír o traballo do persoal de vixilancia á inspección dos terreos.
- f) Negarse a subministrar información á autoridade municipal, funcionarios e axentes, no cumprimento das súas funcións.
- g) Cometer unha terceira infracción de carácter leve no prazo de dous anos, sempre que se produza con respecto ás dúas anteriores, a resolución sancionadora fose firme na vía administrativa. O prazo comezará a contar desde o día en que a primeira resolución sexa firma nesta vía.

Infraccións moi graves

Terán a consideración de infraccións moi graves:

- a) Cometer unha infracción na que se observe dolo, se produza unha irreversibilidade do dano causado, se produzan danos moi graves sobre os recursos naturais ou grave perigo para a salubridade pública.
- b) Non proceder a corrección do incumprimento con respecto das distancias establecidas nesta ordenanza, en lugares ou con especies non permitidos, unha vez transcorrido o prazo sinalado polo concello, e tras cumprirse o prazo da notificación expresa da obriga.
- c) Coaccionar ou ameazar á autoridade municipal, funcionarios e axentes, no cumprimento das súas funcións.
- d) Cometer unha terceira infracción de carácter grave no prazo de dous anos, sempre que se produza con respecto ás dúas anteriores, a resolución sancionadora fose firme na vía administrativa. O prazo comezará a contar desde o día en que a primeira resolución sexa firme nesta vía.

Artigo 20.- Contía das sancións

Sen prexuízo de esixir as responsabilidades penais ou civís que procedan, e sen prexuízo do carácter supletorio desta ordenanza, a contía das sancións que se impondrán polo seu incumprimento serán as seguintes:

- a) Por infraccións leves: multa de ata 750,00 euros.
- b) Por infraccións graves: multa desde 751,00 a 1.500,00 euros.
- c) Por infracción moi graves: multa desde 1.501,00 a 3.000,00 euros.

As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

- Grao de intencionalidade
- Grao de reiteración
- Contía do beneficio obtido ou ánimo de lucro
- Natureza e intensidade dos prexuízos causados
- Adopción de medidas tendentes a diminuír o dano
- Afectación á salubridade pública

Artigo 21.- Prescrición

As infraccións e sancións prescribirán segundo o disposto nas leis que as establezan. Se estas non fixan os prazos de prescrición, as infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves aos seis meses.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día no que a infracción se cometese. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento das persoas interesadas, do procedemento sancionador, renovándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado máis dun mes por causas non imputables ao presunto responsable.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que adquirira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento das persoas interesadas, do procedemento de execución, renovándose o prazo de prescrición se o expediente de execución estivese paralizado máis dun mes por causas non imputables ao presunto responsable.

Disposicións adicionais

Primeira. Como Anexo I desta ordenanza, inclúese o listado de especies de crecemento lento recollida no Anexo I da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Segunda. Como Anexo II desta ordenanza, inclúese o listado de especies recollidas na Disposición Adicional Primeira da Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Terceira. Como Anexo III desta ordenanza inclúense os criterios para a xestión da biomasa recollidos na Orde de 31 de xullo de 2007.

Cuarta. Estarán excluídos da aplicación desta ordenanza os exemplares vexetais e formacións recollidos no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, modificado polo Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, así como aqueles outros exemplares vexetais e formacións que, polo seu valores ecolóxicos, estéticos, históricos ou culturais, merezan ser conservados.

Disposición transitoria

Única. As plantacións de árbores existentes á entrada en vigor da presente ordenanza que, como consecuencia da súa aplicación, se atopen a unha distancia menor á regulada, disporán dun período máximo de cinco anos para adaptarse á citada disposición, agás autorización do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal.

Disposición derogatoria

Única. Coa entrada en vigor desta ordenanza quedará derogada a “Ordenanza non fiscal número 4.03 reguladora de medidas preventivas contra incendios forestais”, de 29 de xaneiro de 2002, a “Ordenanza non fiscal 4.03 reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións”, e cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co nela regulado.

Disposicións finais.

Primeira. Coa entrada en vigor de normas de rango superior ao desta ordenanza, que afecten ás materias reguladas nela, determinarase a aplicación automática daquelas, sen prexuízo da posterior adaptación que proceda.

Segunda. A presente ordenanza entrará en vigor, de conformidade co disposto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no prazo de 15 días hábiles a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Anexos

Anexo I: especies de crecemento lento recollidas no Anexo I da Lei 7/2012 de montes de Galicia.

Coníferas	Piñeiro silvestre: <i>Pinussylvestris</i> L.
	Teixo: <i>Taxusbaccata</i> L.
Fronchosas	Ameneiro: <i>Alnus glutinosa</i> (L.) Gaertn.
	Pradairo: <i>Acerpseudoplatanus</i> L.
	Bidueiro: <i>Betula</i> sp.
	Freixo: <i>Fraxinusexcelsior</i> L.
	Freixa: <i>Fraxinusangustifolia</i> Vahl.
	Castiñeiro: <i>Castaneasativa</i> Mill.
	Castiñeiro híbrido: <i>Castanea</i> x híbrida (resistente tinta)
	Cerdeira: <i>Prunusavium</i> L.
	Carballo: <i>Quercusrobur</i> L.
	Cerquiño: <i>Quercuspyrenaica</i> Will.
	Sobreira: <i>Quercussuber</i> L.
	Carballo albar: <i>Quercuspetraea</i> (Matts) Liebl.
	Aciñeira: <i>Quercusilex</i> L. ssp. <i>ballota</i> (Desf.) Samp.
	<i>Quercusrotundifolia</i> Lam.
	Abeleira: <i>Corylusavellana</i> L.
	Faia: <i>Fagussylvatica</i> L.
	Umeiro: <i>Ulmusglabra</i> Huds., <i>Ulmusminor</i> Miller.
	Loureiro: <i>Laurusnobilis</i> L.
	Sorbeira do monte: <i>Sorbus aria</i> L.
	Capudre: <i>Sorbusaucuparia</i> L.
	Nogueira: <i>Juglansregia</i> L.
	Érbedo: <i>Arbutusunedo</i> L.

Anexo II: Especies recollidas na Disposición Adicional Primeira da Lei 3/2007 de incendios de Galicia.

Piñeiro do país, piñeiro galego: *Pinus pinaster*Ait.

Piñeiro silvestre: *Pinus sylvestris* L.

Piñeiro de Monterrey: *Pinus radiata* D.

Piñeiro de Oregón: *Pseudotsuga menziesii*Mirb.

Mimosa: *Acacia dealbata*Link.

Acacia negra: *Acacia melanoxylon* R. Br.

Eucalipto: *Eucalyptus* sp.

Queiruga: *Calluna vulgaris* (L.) Hull

Carqueixa: *Chamaespartium tridentatum*

Xesta: *Cytisus* spp.

Uz, carpaza: *Erica* spp.

Xesta, piorno: *Genista* spp.

Fento: *Pteridium aquilinum* (L.) Kuhn

Silva: *Rubus* sp.

Toxo: *Ulex europaeus* L.

En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas en calquera clase de terreos incluídos nas redes primarias e secundarias de xestión de biomasa no caso de que se trataren de árbores senlleiras, ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un risco para a propagación de incendios forestais.

Anexo III: Criterios para a xestión da biomasa

Nas zonas onde sexa obrigatorio xestionar a biomasa, esta realizarase, ao abeiro da Orde de 31 de xullo de 2007, cumprindo acumulativamente os seguintes criterios xerais.

- 1. No estrato arbóreo, as masas serán mixtas ou de frondosas caducifolias e a distancia entre plantas será, como mínimo, de 7 metros e mantendo as copas tanxentes. A poda debe ser do 35% da altura da árbore ata que esta atinxa os 11,4 metros, altura a partir da cal a poda debe alcanzar o mínimo de 4 metros por riba do chan.
- 2. No estrato arbustivo e herbáceo, a carga total non pode exceder os 2.000 m³/hectárea, debendo simultaneamente ser cumpridas as seguintes condicións:
 - a) Debe ser garantida a descontinuidade horizontal dos combustibles entre a infraestrutura e o límite externo da faixa de xestión da biomasa.
 - b) A altura máxima da vexetación, arbustiva e herbácea, é a que consta no cadro adxunto, variando en función da porcentaxe de cobertura do solo.

% do solo arbóreo cuberto	altura máxima da vexetación (cm)
<20	100
20 a50	40
>50	20

- 3. Os estratos arbóreo, arbustivo e herbáceo remanentes deben ser organizados espacialmente de maneira que se evite a continuidade vertical dos diferentes estratos combustibles.

As copas das árbores e dos arbustos deberán estar distanciadas un mínimo de 10 m da edificación e nunca se poderán proxectar sobre o seu tellado.

Non poderá haber ningunha acumulación de sustancias altamente inflamables, excepto no previsto na lexislación sectorial para depósito de combustibles.

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello da Pobra do Brollón.

Capítulo I: Disposicións xerais.

Artigo 1º.- Obxecto.

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de A Pobra do Brollón.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación.

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de A Pobra do Brollón.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo.

1.- O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2.- O servizo de axuda no fogar poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3.- O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.

Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.

Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.

Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.

Prever situacións de dependencia ou exclusión social.

Retardar ou evitar a institucionalización.

Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- Contido do servizo.

De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

Asistencia para levantarse e deitarse.

Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.

Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.

Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.

Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo temporal.

Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.

Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.

Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

Preparación dos alimentos.

Lavado e coidado das prendas de vestir.

Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.

Adaptacións funcionais do fogar.

Servizo de podoloxía.

Servizo de fisioterapia.

Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

Actuacións, que polo seu carácter sanitaria, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5º.- Persoas destinatarias.

1.- O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2.- En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.

A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.

A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.

A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.

A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.

A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.

Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A coñeceren a situación do seu expediente.

A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.

Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.

Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.

Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.

Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.

Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.

Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.

Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo.

1.- Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

A renuncia da persoa usuaria.

O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade e co servizo de axuda no fogar.

Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

Falecemento da persoa usuaria.

Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

A falta reiterada de pagamento do servizo.

Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2.- Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3.- Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo.

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de dous meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrência e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Capítulo II. Da prestación do servizo.

Sección 1ª. Disposicións comúns.

Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo.

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello da Pobra do Brollón ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 11º.- Requisitos específicos.

Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicárase o seguinte cadro:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

O Concello de A Pobra do Brollón, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo (Anexo III).

Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo I desta ordenanza.

Un acordo de servizo asinado entre o Concello de A Pobra do Brollón e a persoa usuaria, segundo o Anexo II desta ordenanza.

Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Sección 2ª. Da prestación do servizo polo concello da Pobra do Brollón.

Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento.

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de A Pobra do Brollón, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se

establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrência, segundo o seguinte procedemento:

Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.

Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.

Certificado de convivencia.

Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.

Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.

Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:

Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.

Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan.

Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.

Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente, en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin.

O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo.

O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrência. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo II desta ordenanza.

O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo... desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.

Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

Así mesmo, entregárase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

O departamento de servizos sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.

Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o anexo I desta ordenanza .

Un acordo de servizo asinado entre o concello de A Pobra do Brollón e a persoa usuaria, segundo o anexo II desta ordenanza.

Informes de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo.

A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1.- A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

